

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 4 de marzo de 2019 pola que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción de mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela. Ámbito Camiño Portugués-Conxo, de clave AC/17/012.10.4.

Con data do 4 de marzo de 2019, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

«Antecedentes de feito:

Primeiro. Por resolución da Axencia Turismo de Galicia, de data 20 de setembro de 2016, encoméndase á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión das actuacións precisas para realizar as intervencións necesarias no contorno dos Camiños de Santiago, en Santiago de Compostela.

Segundo. Con data do 18 de xullo de 2018 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (núm. 137) o Anuncio do 10 de xullo de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o documento básico de mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela. Ámbito Camiño Portugués-Conxo, de clave AC/17/012.10.4, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. Durante todo o trámite de información pública presentáronse certificados e alegacións, procedéndose á súa valoración.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido nos artigos 18 e seguintes da Lei do 16 de decembro de 1954 de expropiación forzosa, e os concordantes do seu regulamento, o mencionado documento básico someteuse ao trámite de información pública, durante un período de vinte días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.



Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tras os certificados e alegacións presentadas polos organismos oficiais competentes,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción de mellora e integración paisaxística das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela. Ámbito Camiño Portugués-Conxo, de clave AC/17/012.10.4, mantendo o trazado como definitivo, coas seguintes consideracións:

- a) Corrixirase e actualizarase a relación de bens e dereitos afectados.
- b) Non se expropiarán as parcelas 5 e 6 sinaladas no documento sometido a información pública, que serán desenvolvidas máis adiante noutro proxecto específico.
- c) O proxecto arquitectónico deberá garantir o acceso ao templo e ao cemiterio de Conxo, e o uso que demande a comunidade parroquial: procesións, vodas, funerais, etc.

Segundo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

